

QUE AUDITORÍA?

Xosé Ramón Ermida Meilán

O Banco de España, no seu Informe de Estabilidade Financeira de novembro de 2009, afirmaba que o sistema financeiro do Estado tería que facer fronte a unhas perdas de aproximadamente 100.000 millóns de euros como consecuencia da súa exposición ao negocio inmobiliario. Os criterios que sigue o regulador estatal para fixar o furado do sistema, parte dos niveis de mora e contías das provisións específicas que as entidades tiveran que facer, para enfrontar os créditos concedidos á promoción, á construción, a súa industria auxiliar e aos hipotecarios, o que representaba 2,12 billóns de Euros. Agora ben, non deixa de ser enganoso cifrar a mora en 94.170 millóns de euros e as provisións en 62.196 millóns de euros, como se fai neste informe, se atendemos as medidas adoptadas polas entidades de crédito e as decisións favorecedoras da enxeñaría contábel que levou adiante o Banco de España para tentar estabilizar estas dúas magnitudes.

Só no sector da promoción inmobiliaria, os créditos concedidos á altura de Novembro, situábanse en 324.644 millóns de euros, se ben diante da imposibilidade de moitas empresas de poder facer fronte a súas obrigas coas entidades de financeiras a aquela altura estas xa tiñan refinanciado créditos por un total de 60.000 millóns de euros e adquiridos activos por preto de 25.000 millóns de euros. Está claro que de non de terse adoptado estas medidas estaríamos diante de 85.000 Euros máis en mora e as provisións superarían en aproximadamente en 14.000 millóns, os 26.523 millóns de euros actuais. Outra cuestión que non é de importancia menor é o feito de que o 40% deses 324.644 millóns foron destinados a compra de solo, en boa parte dos casos dependentes de procesos de desenvolvemento urbanístico, pero que en ningún suposto se vai librar da depreciación dos activos inmobiliarios.

O groso da mora actual do sistema crediticio esta ligada, sobre todo, aos impagos dos préstamos hipotecarios para a compra de vivendas, que actualmente ascenden a 651.594 millóns de euros, dos que aproximadamente 204.000 millóns se corresponden co ano 2006 e 2007, sendo as provisións por este concepto de 19.659 millóns de Euros. Agora ben, non debemos esquecer que en Marzo deste ano o regulador estatal modificou o réxime de provisións para os créditos hipotecarios reducindo dun 70% en caso de mora a un 30% partindo que a depreciación do inmóbel non superaría nunca esta cantidade. Asemade nos últimos tempos, e co fin de evitar que os mesmos entren en mora, as propias entidades están a ofrecer refinanciacións aos seus clientes alongando prazos, reducindo tipos e concedendo carencias. De todos os xeitos a enxeñaría contábel, pouco vai poder coas cifras do desemprego, na medida que son as rendas do traballo a garantía da case totalidade das hipotecas.

O sistema financeiro galego non é alleo as dificultades que atravesamos o sector no conxunto do Estado, posto que a pesar dunha menor exposición da nosa economía ao ladrillo, as entidades de crédito con sé en Galiza entraron de cheo no negocio inmobiliario. Nomes que nos son familiares a todos como Caixa Galiza (CG) ou Caixanova (CN) aparecen pillados en concursos de acredores como o de Fadesa (CG 270 millóns, CN 69 millóns), Colonial (CG 86 millóns, CN 60 millóns), Tremon (CG 47 millóns), Llanera (CN 49 millóns), adquirindo activos CG Urazca en Oviedo (124 vivendas), CN ao Pocero en Seseña (290 vivendas) ou participando en promotoras como Sacyr (CG e CN). Eses mesmos nomes, o un e o outro, aparecen investindo aforro dos galegos no Levante, no Magreb, en Andalucía, en Portugal ou na Europa do Leste. As palabras do Director Xeral de Caixanova no momento da aprobación do FROB afirmando que non podían camiñar en solitario ou as declaracións dos directivos de Caixa Galiza na mesma dirección son a mellor auditoría sobre o estado de saúde das caixas galegas.

A lóxica que explica o funcionamento das entidades de crédito, e a situación na que se atopan, vincúlase a financierización como resposta do capital a necesidade de aumentar a taxa da ganancia e a imposibilidade de poder darlle saídas aos excedentes na produción, verquendoos nas finanzas, o que leva fixar os prezos na economía capitalista asociados nun caso a produción (PIB) e noutro aos activos (activos financeiros). Neste sentido o período 1998-2008 non ten precedentes na historia económica do Estado na medida que os activos financeiros pasaron de 1,06 billóns de euros a 3,2 billóns de Euros, na contra o PIB pasaba dos 400.000 millóns de euros a 1 billón de euros, dos que debemos descontar 300.000 millóns de euros que se corresponden coa inflación. Agora ben, o peor para o sistema financeiro está por vir.